

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A REHABILITACIÓN E POSTA EN VALOR DO CENTRO DO VIÑO

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, María Paz Rodríguez Rivera, en calidade de directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en virtude das competencias que lle corresponden segundo o establecido na disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e en virtude das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección da AGADER do 11 de xullo de 2013, punto 3 primeiro II (DOG núm. 148, do 5 de agosto de 2013).

Doutra parte, Martín Alemparte Vidal, en calidade de director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), en virtude das competencias que lle corresponden segundo o establecido na letra e) do artigo 13.2 do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (DOG núm. 102, do 30 de maio de 2018).

E doutra parte, César Manuel Fernández Gil, alcalde do Concello de Ribadavia, en diante o concello, que actúa en nome e representación do dito concello, e facultado para o presente outorgamento en virtude do disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes, na representación que ostentan, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio de colaboración e, na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dispón que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das



competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Segundo. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo vén impulsando a consolidación dun sector comercial competitivo, forte, moderno e atractivo, mediante novas fórmulas de dinamización e colaboración comercial que permitan visibilizar o comercio, estimular a oferta e contribuír á revitalización dos espazos urbanos e rurais.

Neste contexto, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 31 de marzo de 2025 o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, co obxectivo de incrementar a competitividade do comercio galego a través da modernización, a innovación, a sostibilidade e a incorporación das novas tecnoloxías, así como de consolidar o sector comercial como un ámbito profesional, cualificado, de calidade e comprometido co consumo responsable e cunha actividade sostible.

O devandito plan estrutúrase en tres eixes de actuación, e o Eixe 2, denominado "Dinamización e visibilidade do comercio", recolle distintas medidas orientadas a fomentar novas fórmulas de dinamización e colaboración comercial, a estimular a oferta, a revitalizar espazos urbanos e rurais, a fidelizar as persoas consumidoras, a atraer novas xeracións e a crear sinerxías intersectoriais vencelladas ao territorio.

En particular, a Medida 2.3, "Impulsar a recuperación da actividade comercial co obxectivo de recuperar contornos urbanos", parte da necesidade de desenvolver actuacións específicas de dinamización e revitalización nos cascos históricos. Neste marco, a Acción 2.3.1, "Poñer en marcha o proxecto Vilas Vivas", diríxese a vilas que, como Ribadavia, presentan un casco urbano histórico ou singular, unha alta concentración de comercios pechados, un notable potencial turístico e unha produción local senlleira como motor económico.

Ribadavia reúne plenamente estes criterios e, ao abeiro desta acción, vén desenvolvendo o proxecto Vilas Vivas, baseado na recuperación de baixos comerciais en desuso, a súa rehabilitación e posta a disposición de comerciantes e artesáns en formato efémero, así como na mellora dos espazos comerciais e na dinamización sociocultural do casco histórico. Trátase dunha intervención xa iniciada que responde ás necesidades específicas da vila e que está a contribuír á reactivación da actividade comercial e á mellora da súa imaxe urbana.

A continuación desa liña de actuación, e co fin de avanzar na dinamización do comercio no casco histórico de Ribadavia e consolidar a súa revitalización social e económica, resulta necesaria a incorporación de novos proxectos tractores capaces de xerar actividade continuada, atraer visitantes e reforzar a identidade produtiva local. Neste sentido, a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia configúrase como unha actuación complementaria, de continuidade, reforzo e consolidación das intervencións xa desenvolvidas no marco do proxecto Vilas Vivas.

A creación dunha infraestrutura tractora de actividade económica e turística, o reforzo da marca territorial vinculada ao viño e ao patrimonio cultural, e a xeración de fluxos de visitantes con incidencia directa no comercio local fan do Centro do Viño unha peza esencial para completar a dinamización do casco histórico. A singularidade de Ribadavia, o seu relevante patrimonio histórico e a súa forte vinculación coa Denominación de Orixe



Ribeiro fan especialmente axeitada esta intervención para consolidar un modelo de desenvolvemento baseado na súa identidade produtiva e patrimonial.

Terceiro. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) creouse ao abeiro da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo. A Axencia, adscrita á Consellería do Medio Rural, conta con personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

No marco deste réxime competencial, AGADER ten entre os seus obxectivos estratéxicos a dinamización socioeconómica do territorio, o impulso da diversificación da actividade económica no rural, a valorización dos recursos endóxeos, o apoio ás cadeas de valor agroalimentarias e a promoción de iniciativas que reforcen a conexión entre territorio, produto e actividade económica sostible.

O sector vitivinícola do Ribeiro constitúe un dos piares produtivos máis relevantes da comarca, cunha forte implantación territorial, un tecido empresarial consolidado e unha identidade cultural e económica recoñecida. A posta en valor dos seus viños e do patrimonio asociado á súa produción contribúe directamente á mellora da competitividade do sector, á súa proxección exterior e á xeración de novas oportunidades de actividade económica no medio rural.

Neste contexto, a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia resulta plenamente coherente coas competencias e obxectivos de AGADER, ao tratarse dunha infraestrutura destinada a difundir e promover os viños amparados pola Denominación de Orixe Ribeiro, reforzar a identidade territorial e produtiva da comarca, impulsar o enoturismo como actividade complementaria clave para a diversificación económica do rural e contribuír á dinamización socioeconómica do territorio, xerando sinerxías entre produción agraria, actividade turística e comercio local.

O apoio de AGADER a este proxecto responde, polo tanto, á necesidade de acompañar e fortalecer un sector estratéxico para o rural galego, de promover a valorización das producións vitivinícolas e de favorecer a creación de novas oportunidades de desenvolvemento sostible nos concellos que integran a Denominación de Orixe Ribeiro.

Así mesmo, a Axencia, no marco das súas competencias e das súas liñas estratéxicas de actuación, vén apoiando mediante convenios e axudas directas diversas iniciativas que presentan unha especial relevancia para o desenvolvemento rural, pola súa capacidade tractora, o seu impacto territorial e o seu carácter dinamizador. Neste sentido, a intervención prevista no Centro do Viño de Ribadavia reúne as características que xustifican o apoio económico de AGADER.

Cuarto. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, ten entre os seus obxectivos a promoción e valorización dos produtos agroalimentarios galegos, o apoio á súa calidade diferenciada, a difusión da cultura alimentaria e o impulso de accións de formación, divulgación, cata e promoción vinculadas ás denominacións de orixe e ás indicacións xeográficas protexidas.



AGACAL desenvolve actuacións orientadas a reforzar a identidade e o prestixio das producións vitivinícolas galegas, a mellorar o coñecemento e apreciación dos viños de calidade, a apoiar a profesionalización do sector e a impulsar actividades de promoción, degustación, formación e divulgación que contribúan á súa proxección comercial e cultural.

Neste marco competencial, a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia constitúe unha infraestrutura idónea para o desenvolvemento das funcións propias de AGACAL, ao configurarse como un espazo estable para a promoción dos viños da Denominación de Orixe Ribeiro, a realización de catas e actividades formativas, a difusión da cultura vitivinícola e a dinamización do territorio a través da valorización dos seus produtos agroalimentarios.

A participación de AGACAL neste convenio responde á necesidade de dotar o Centro do Viño de contidos, actividades e accións de dinamización vinculadas á promoción da calidade alimentaria, ao reforzo da identidade vitivinícola do Ribeiro e á creación de espazos de encontro, formación e divulgación que contribúan á competitividade do sector.

Quinto. O Concello de Ribadavia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e polos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, manifesta a súa vontade de colaborar no desenvolvemento do proxecto de rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia.

Ribadavia dispón dun casco histórico medieval declarado Conxunto Histórico Artístico e Ben de Interese Cultural, así como dunha identidade territorial estreitamente vinculada á produción vitivinícola do Ribeiro, a denominación de orixe máis antiga de Galicia.

Así mesmo, Ribadavia é a capital da comarca do Ribeiro, un territorio cunha destacada tradición vitivinícola que reúne 115 adegas integradas na denominación de orixe máis antiga de Galicia. Esta singularidade favorece unha intensa actividade turística vinculada ás rutas do viño, ás visitas guiadas e ás catas, á que se suman outros recursos de grande valor, como a oferta termal, os espazos museísticos e as posibilidades de turismo deportivo nos seus encoros de Castrelo de Miño e Frieira.

Neste contexto, o Concello dispón dun inmovble situado no casco histórico con elevado potencial para consolidarse como infraestrutura estratéxica ao servizo da difusión da cultura vitivinícola e da promoción do territorio. O Centro do Viño de Ribadavia constitúe unha infraestrutura singular para impulsar o enoturismo como actividade económica de alto valor engadido e para reforzar a conexión entre patrimonio, identidade territorial e dinamización económica.

A rehabilitación e posta en valor deste inmovble resulta necesaria para garantir un uso adecuado, moderno e funcional, acorde coa relevancia histórica e económica do sector vitivinícola na comarca do Ribeiro. Na actualidade, o edificio require unha intervención integral de rehabilitación e modernización, co obxectivo de adaptalo aos



estándares actuais de eficiencia enerxética, accesibilidade universal para a promoción comercial e turística.

Sexto. O Concello de Ribadavia vén desenvolvendo unha estratexia sostida de recuperación e impulso da actividade comercial, turística e económica do municipio. Neste contexto aprobou no ano 2024 o Plan Estratéxico de Turismo e está a elaborar o Plan de Dinamización Socioeconómica no marco da Área Rexurbe da Xunta de Galicia, orientado á revitalización comercial, económica e social do casco histórico.

Así mesmo, participa no proxecto Vilas Vivas, impulsado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, destinado á mellora da contorna urbana e á dinamización comercial. Esta liña de actuación materializouse na sinatura, o 22 de maio de 2025, do Convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello para o desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas.

Neste contexto, a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia constitúe unha actuación complementaria e de continuidade das iniciativas xa emprendidas, reforzando a coherencia da estratexia municipal de revitalización do casco histórico e favorecendo o aproveitamento dos investimentos públicos xa realizados.

A súa localización nun punto estratéxico do casco histórico e a súa estreita vinculación coa identidade vitivinícola da vila converten o Centro do Viño nun equipamento chamado a desempeñar un papel tractor na dinamización económica e turística do municipio. A súa posta en funcionamento permitirá reforzar a proxección da marca Ribeiro, incrementar o atractivo turístico da vila e contribuír á recuperación da actividade comercial e urbana mediante a valorización dun dos seus principais recursos identitarios.

O concello non realizará achegas económicas directas ao investimento, mais contribuír á ao convenio mediante a posta a disposición do inmovible e a asunción das funcións de xestión, coordinación, dinamización e posta en funcionamento do dito Centro, garantindo a súa operatividade como infraestrutura estratéxica para a promoción económica e turística de Ribadavia e da comarca do Ribeiro.

Sétimo. Co obxectivo de consolidar Ribadavia como un destino de referencia en Galicia, tanto no ámbito comercial como no turístico e, por conseguinte, económico, o Concello presenta unha solicitude de colaboración para a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia.

Esta actuación concíbese cunha natureza multidimensional que combina dinamización comercial, valorización do territorio, promoción enoturística e mellora de infraestruturas municipais, o que fai necesaria a cooperación entre administracións con competencias complementarias.

A posta en valor do Centro do Viño permitirá activar novas fórmulas de dinamización e colaboración comercial, fortalecer a identidade vitivinícola do territorio e consolidar un equipamento estratéxico que contribúa á recuperación do tecido comercial, e en definitiva económico do casco histórico.



En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e da Consellería do Medio Rural, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular ao Concello de Ribadavia.

Á vista do exposto, a confluencia de obxectivos das partes aconsella a coordinación das súas actuacións, polo que, en virtude das competencias que lles son atribuídas, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para o financiamento da rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia.

Segunda. Orzamento e financiamento

O orzamento total das actuacións obxecto do presente convenio ascende a seiscentos vinte mil cento cincuenta e nove euros con dez céntimos (620.159,10 €), IVE incluído.

O financiamento das actuacións realizarase mediante as achegas das administracións asinantes, cos seguintes importes:

- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará catrocentos vinte mil cento cincuenta e nove euros con dez céntimos (420.159,10 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.3 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027 coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00275.
- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) achegará cen mil euros (100.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 15.A1.712A.640.0 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027, e proxecto de investimento 2021.00004.
- A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) achegará cen mil euros (100.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 15.A2.713D.640.0 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2027 e 2028, e proxecto de investimento 2024.00013.

As actuacións previstas no anexo desenvolveranse nas seguintes anualidades, co seguinte financiamento:



Anualidade	Importe total	Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	AGADER	AGACAL
2026	230.000,00 €	180.000,00 €	50.000,00 €	-
2027	340.159,10 €	240.159,10 €	50.000,00 €	50.000,00 €
2028	50.000,00 €	-	-	50.000,00 €
TOTAL	620.159,10 €	420.159,10 €	100.000,00 €	100.000,00 €

A distribución do financiamento efectuarase por anualidades conforme á táboa anterior e de acordo coas partidas recollidas no anexo deste convenio, destinándose a anualidade 2026 ás actuacións principais de rehabilitación arquitectónica, a anualidade 2027 á finalización da rehabilitación arquitectónica e ao equipamento e dinamización previstos e a anualidade 2028 ás actuacións de continuidade da dinamización e posta en valor.

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia da execución deste convenio deberá contar coa fiscalización previa dos órganos competentes de cada unha das administracións asinantes e quedará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente. Así mesmo, toda minoración no gasto final realizado suporá a redución proporcional das achegas das administracións participantes, mantendo a proporcionalidade das contribucións establecidas neste convenio.

Ao tratarse dun compromiso de gasto plurianual e ter un importe superior aos 150.000 euros, e en virtude do establecido na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, resulta requisito previo para a subscripción deste convenio a autorización do Consello da Xunta de Galicia e, polo tanto, respectaranse as disposicións contidas no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira. Gastos subvencionables

Consideraranse subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia, sempre que respondan á natureza das actuacións recollidas no anexo.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de outubro de 2028. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

O custo dos investimentos e gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.



En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprírase o estipulado no artigo 29, puntos 4 e 5, da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cuarta. *Obrigas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración*

A consellería comprométese a financiar a parte do orzamento que lle corresponda segundo o reparto establecido na cláusula segunda. O pagamento das achegas efectuarase logo da presentación polo Concello da conta xustificativa correspondente e da súa verificación polos órganos competentes, quedando condicionado ao cumprimento das obrigas previstas neste convenio e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Quinta. *Obrigas da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural*

AGADER comprométese a financiar a parte do orzamento que lle corresponda segundo o reparto establecido na cláusula segunda. A sinatura do presente convenio implica o compromiso firme da achega por parte de AGADER.

A achega correspondente á anualidade 2026 realizarase no prazo máximo de dous meses desde a formalización do presente convenio, e a relativa á anualidade 2027 realizarase no primeiro trimestre dese exercicio.

O importe da achega será obxecto da correspondente retención de crédito para a súa posterior baixa e ampliación no orzamento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, garantindo así a adecuada habilitación orzamentaria para a execución das actuacións previstas no presente convenio.

Sexta. *Obrigas da Axencia Galega da Calidade Alimentaria*

AGACAL comprométese a executar, de maneira directa, as accións de posta en valor e dinamización do Centro do Viño, tales como o deseño e a execución das actividades de dinamización enolóxica, o impulso e a promoción dos viños amparados pola Denominación de Orixe Ribeiro, así como calquera outra acción de promoción que contribúa a finalidade de promoción e dinamización.

Así mesmo, para a execución das actuacións previstas comprométese a financiar a parte do orzamento atribuída á súa participación, de acordo co reparto establecido na cláusula segunda, achegando os recursos económicos precisos para garantir o desenvolvemento das accións de dinamización que lle son propias.

Sétima. *Obrigas do concello*

O Concello asumirá, en particular, as seguintes obrigas:



- Acreditar a dispoñibilidade do inmovible.
- Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En todo caso, o concello quedará suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar os investimentos sinalados na cláusula segunda que fundamenta a concesión da subvención con suxeición aos procedementos de contratación previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Xustificar ante as administracións financiadoras, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade das devanditas actuacións.
- Someterse ás actuacións de comprobación das administracións, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Comunicar por escrito as administracións asinantes a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- Comunicar ás administracións asinantes o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.



- Manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados e a vinculación destes á actividade que motivou a subvención durante un período mínimo de cinco anos.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento pola Xunta de Galicia en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio, empregando os soportes máis adecuados á natureza dos investimentos, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais das obrigas xerais, o Concello de Ribadavia, na súa condición de entidade responsable da xestión, funcionamento e dinamización do Centro do Viño de Ribadavia, asume as seguintes obrigas específicas:

a) Procedementos de contratación da rehabilitación arquitectónica:

- Asumir a condición de órgano de contratación para a licitación, adxudicación e execución dos procedementos de contratación necesarios para a rehabilitación arquitectónica e equipamento, de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Garantir que todos os procedementos de contratación se desenvolvan con pleno respecto aos principios de publicidade, concorrência, transparencia, igualdade e non discriminación.
- Velar pola correcta execución das obras e servizos contratados, asegurando que se axusten ao proxecto técnico aprobado e ás condicións establecidas no convenio.

b) Xestión e funcionamento do Centro:

- Garantir a apertura e funcionamento regular do Centro do Viño de Ribadavia, en horario axeitado ás necesidades do turismo e do público visitante.
- Asumir o mantemento ordinario e extraordinario das instalacións, garantindo a súa conservación en condicións adecuadas de seguridade, accesibilidade e funcionalidade.

c) Posta en valor:

- Colaborar coas accións de promoción e dinamización impulsadas por AGACAL no marco das súas competencias, facilitando o uso das instalacións e a coordinación operativa necesaria.

Oitava. Subcontratación

O concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións recollidas neste convenio, agás que o impida a natureza das mesmas. As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.



En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custo da obra, non aporten valor engadido ao seu contido.

A contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo a entidade local contratante a responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.

Tendo en conta que as actuacións obxecto do convenio poden implicar que o concello leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes ou así o esixa a natureza do obxecto.

A subcontratación das actuacións subvencionadas poderá alcanzar o 100 % e regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a entidade beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro para poder ser adxudicador.

Novena. *Relación con terceiros*

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actuacións coas administracións asinantes, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décima. *Xustificación e pagamento*

1. As actuacións financiadas ao abeiro deste convenio deberán xustificarse por anualidades, fixándose como data límite o 2 de novembro de cada unha das anualidades.

2. Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observarse en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O concello está obrigado a xustificar diante da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención



ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

A conta xustificativa conterá:

- a) Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- c) O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

4. Condicións de pagamento:

As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.

A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase ante os órganos competentes de cada consellería que emitirán certificación acreditativa do cumprimento das actuacións subvencionadas.

As administracións asinantes resérvanse o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

Os pagamentos correspondentes serán realizados ao concello unha vez presentada a correspondente xustificación e aprobada polos órganos competentes de ambas administracións.

As achegas das administracións concedentes minoraranse porcentualmente no caso de que o concello non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto do convenio ou, de resultar a concorrencia con outras axudas, sempre que a contía total supere o custo do investimento.

5. Comprobación material:

Segundo establece o artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nas subvencións de capital superiores a 60.000,00 euros, no seu cómputo individual, destinadas a



investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polas dúas administracións intervinientes neste convenio, sen prexuízo de que a dita comprobación material se poida encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

6. Pagos anticipados:

Poderá aprobarse o pago anticipado de ata un límite do 80 % do importe concedido para cada anualidade, logo da solicitude e xustificación da súa necesidade polo concello de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En todo caso, o pagamento do anticipo das anualidades posteriores á primeira quedará condicionado á previa xustificación do libramento da anualidade anterior.

O concello quedará exento da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio conforme ao disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Décima primeira. *Compatibilidade das axudas*

A axuda concedida ao abeiro deste convenio será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso, minorarase a subvención das administracións concedentes.

Décima segunda. *Perda do dereito ao cobro e reintegro*

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou incumprimento.

Incumprimento parcial:

Aínda que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, as administracións asinantes poderán apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.



Incumprimento total:

Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Ao concello beneficiario da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

Décima terceira. Modificación

O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado coa correspondente modificación, no seu caso, do contrato de obras nos termos establecidos pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, cun mes de antelación á data de finalización da xustificación do investimento de conformidade co disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respecte o obxecto da subvención e as actuacións subvencionadas, evite actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima cuarta. Resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento total ou parcial por algunha das partes de calquera das prescricións contidas no convenio.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións estipuladas no convenio.

Décima quinta. Publicidade e inscrición no Rexistro de convenios

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



A colaboración financeira da Xunta de Galicia deberá quedar expresamente reseñada, de forma permanente, nun lugar visible do acceso á actuación no momento da súa inauguración e/ou recepción.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décima sexta. *Protección de datos de carácter persoal*

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

Décima sétima. *Comisión de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas representantes por cada unha das partes asinantes.

A comisión constituirase a petición de calquera das partes e as súas funcións serán velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

Décima oitava. *Vixencia*



Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2028.

Décima novena. *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e, ademais, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo que a desenvolve, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, a Lei 16/2010, do 17 de decembro e a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, corresponderanlle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese no lugar e data indicados na cabeceira.

Pola Consellería de
Emprego, Comercio
e Emigración

Pola Axencia Galega
de Desenvolvemento
Rural

Pola Axencia
Galega da
Calidade
Alimentaria

Polo Concello
de Ribadavia

José González
Vázquez

María Paz Rodríguez
Rivera

Martín Alemparte
Vidal

César Manuel
Fernández Gil



ANEXO

Anualidade 2026

Actuación 1. Rehabilitación arquitectónica	Importe
01 DEMOLICIÓN, ACONDICIONAMENTO E PREPARACIÓN DE SUPERFICIES	11.269,20 €
02 ELEMENTOS DE SOPORTE	8.294,22 €
03 CUBERTA	16.470,71 €
04 TRASDOSADOS, PARTICIÓN, TEITOS	22.627,13 €
05 INSTALACIÓNS	27.421,25 €
06 REVESTIMENTOS E ACABADOS	28.243,01 €
07 CARPINTARÍA EXTERIOR	10.009,90 €
08 CARPINTARÍA INTERIOR E DEFENSAS	4.725,98 €
09 EQUIPAMENTO	19.952,68 €
10 SEGURIDADE E SAÚDE	1.504,15 €
11 CONTROL DE CALIDADE	911,25 €
12 XESTIÓN DE RESIDUOS	2.211,40 €
TOTAL PEM DE OBRA	153.640,87 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	9.218,45 €
GASTOS XERAIS (13%)	19.973,31 €
TOTAL OBRA	182.832,64 €
IVE (21%)	38.394,85 €
TOTAL PEC DE OBRA	221.227,50 €

Actuación 2. Honorarios técnicos	Importe
DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE	7.250,00 €
IVE (21%)	1.522,50 €
TOTAL	8.772,50 €

TOTAL ACTUACIÓNS 2026	230.000,00 €
------------------------------	---------------------



Anualidade 2027

Actuación 1. Rehabilitación arquitectónica	Importe
04 TRASDOSADOS, PARTICIÓN, TEITOS	2.514,13 €
05 INSTALACIÓN	11.751,97 €
06 REVESTIMENTOS E ACABADOS	15.207,77 €
07 CARPINTARÍA EXTERIOR	2.502,47 €
08 CARPINTARÍA INTERIOR E DEFENSAS	11.027,30 €
09 EQUIPAMENTO	6.650,89 €
10 SEGURIDADE E SAÚDE	1.002,76 €
11 CONTROL DE CALIDADE	559,59 €
12 XESTIÓN DE RESIDUOS	947,75 €
TOTAL PEM DE OBRA	52.164,63 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	3.129,88 €
GASTOS XERAIS (13%)	6.781,40 €
TOTAL OBRA	62.075,91 €
IVE (21%)	13.035,94 €
TOTAL PEC DE OBRA	75.111,85 €

Actuación 2. Honorarios técnicos	Importe
DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE	7.250,00 €
IVE (21%)	1.522,50 €
TOTAL	8.772,50 €

Actuación 3. Equipamento e dinamización	Importe
AMOBLEMENTO E EQUIPAMENTO PLANTA BAIXA	47.220,00 €
AMOBLEMENTO E EQUIPAMENTO PLANTA PRIMEIRA	82.110,00 €
AMOBLEMENTO E EQUIPAMENTO PLANTA BAIXO CUBERTA	32.045,00 €
EQUIPAMENTOS COMÚNS	9.100,00 €
TOTAL BRUTO	170.475,00 €



Actuación 3. Equipamento e dinamización	Importe
IVE (21%)	35.799,75 €
TOTAL XERAL	206.274,75 €

Actuación 4. Dinamización	Importe
DINAMIZACIÓN	50.000,00 €

TOTAL ACTUACIÓNS 2027	340.159,10 €
------------------------------	---------------------

Anualidade 2028

Actuación. Dinamización e posta en valor	Importe
DINAMIZACIÓN E POSTA EN VALOR	50.000,00 €

TOTAL ACTUACIÓNS 2028	50.000,00 €
------------------------------	--------------------

